

Palabras primitivas e palabras derivadas

Lembra

Hai palabras que se formaron a partir doutras, como por exemplo *saboroso*, que se formou engadíndolle o sufixo **-oso** á palabra *sabor*. As palabras que proveñen doutras chámanse **palabras derivadas** e as que non proveñen de ningunha palabra anterior, **palabras primitivas**.

1. Clasifica estas palabras en primitivas ou derivadas.

pan	desfacer	xoia	estraño	tenista	timidez
cesteiro	recortar	camisa	supermercado	sopa	neve

PRIMITIVAS

DERIVADAS

■ Escribe a palabra primitiva a partir da cal se formou cada unha das derivadas anteriores.

2. Escribe tres palabras derivadas a partir das primitivas seguintes.

- terra ► _____
- xeo ► _____
- mar ► _____

3. Busca na caixa a palabra primitiva de cada unha destes palabras derivadas.

engordar	gordo	gordecho
inxusto	xusto	axustar
claro	clarear	clarete
útil	utilidade	utilitario
portón	porteiro	porta